



RESOLUCIÓN REITORAL DO 11 DE ABRIL DE 2020 DE ADAPTACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA Á NOVA PRÓRROGA DO ESTADO DE ALARMA

No BOE de hoxe, sábado 11 de abril, publícase o RD 487/2020, polo que prorroga o estado de alarma até ás 00:00 horas do día 26 de abril.

Esta prorroga, no que afecta ao funcionamento da UDC, supón manter a situación das dúas últimas semanas nos termos dispostos na Resolución Reitoral de 29 de marzo de 2020: os centros permanecerán pechados, o PDI seguirá realizando as súas funcións en réxime non presencial e o PAS en situación de teletraballo ou localizable ao desaparecer, desde o pasado 9 abril, a situación de “permiso retribuído recuperable”.

En consecuencia, **RESOLVO**

1. Manter en vigor as medidas adoptadas a través da Resolución Reitoral de 29 de marzo de 2020, excepción feita das referidas ao permiso retribuído recuperable.
2. Que o persoal ao servizo da UDC que precise acceder aos centros para a realización de actividades puntuais, urxentes e inaprazables deberán solicitar o correspondente permiso á dirección ou decanato para o seu traslado á xerencia.

Na solicitude, que se enviará por correo electrónico, deberá facerse constar o nome, apelidos e numero de documento de identidade da persoa solicitante ben como a data e a hora na que se pretende acceder, o tempo máximo de permanencia e os motivos que xustifican o acceso.

Código Seguro De Verificación	gsXLupJm82QkxfzXncFSlw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	12/04/2020 15:44:30
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gsXLupJm82QkxfzXncFSlw==		

